



Concello de Mugardos

Expediente núm.: 610/2024

Procedemento: Contratacións

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA E CALIFICACIÓN DO SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E DO SOBRE B: REFERENCIAS TÉCNICAS. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ALMORZO E XANTAR E DE MONITORES/AS COIDADORES/AS DE COMEDORES ESCOLARES MUNICIPAIS

No Salón de Sesiões do Concello de Mugardos, sendo as nove horas e oito minutos do día dous de setembro do ano dous mil vinte e catro, constituíuse a Mesa de Contratación para a adxudicación do seguinte contrato:

Tipo de contrato:	Servizos
Subtipo do contrato:	Servizos de educación e formación profesional
Obxecto do contrato:	Servizo de almuerzo e xantar e o de monitores/as coidadores/as de comedores escolares municipais
Procedemento de contratación:	de Aberto
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	208.343,12 €
Orzamento base de licitación IVE excluído:	104.171,56 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:	110.743,59 €
Data de fin do contrato/Duración do contrato	1 ano
Código	Nome
55523100	Servicios de comidas para escuelas.

A composición da mesa de contratación é a seguinte:

Presidenta: Sra. Concelleira delegada de facenda e promoción económica (delegación efectuada pola resolución da alcaldía núm. 2023-0615, do 26.06.2023), Dna. Ana María Varela Bastida.

Interventora accidental da Corporación (Vogal): Dna. Mercedes Ocampo Santiago, ao abeiro do establecido na Resolución da alcaldía núm. 2024-0709, de data 12.06.2024.

Secretaria da Corporación (Vogal): Dna. Paula Esperanza Ramos Díaz

Vogal: Dna. Carmen Piñeiro Lemos, arquitecta técnica municipal

Secretaria da Mesa: Dna. Beatriz Santiago Yáñez

1.- Acto de apertura sobre A de “Documentación administrativa”(artigo 157 LCSP):

Procédese, tal e como se establece na cláusula décimo quinta, á apertura do sobre A da única empresa





Concello de Mugardos

presentada:

NIF: B15754682 JARDANAY SL Fecha de presentación: 26 de agosto de 2024 a las 14:47:48

Sendo ás nove horas e corenta e dous minutos a presidenta suspende a sesión para o estudo da documentación xustificativa da disposición dos servizos dun/a especialista en dietética e nutrición

Sendo ás once horas e dezasete minutos a Mesa de Contratación, unha vez cualificada a documentación administrativa contida no sobre A, e de acordo ao disposto no prego de condicións que rexe a contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Declarar admitida a única proposición presentada, polo licitador NIF: B15754682 JARDANAY SL.

2.- Acto de apertura sobre B de “Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática” (artigo 157 LCSP).

Procédese á apertura do sobre B da empresa admitida:

NIF: B15754682 JARDANAY SL

De seguido a Mesa de Contratación, á vista do anteriormente exposto, e de acordo ao disposto no prego de condicións que rexe a contratación, por unanimidade, acorda:

1º. Que a documentación de Referencias Técnicas contida no devandito Sobre “B” de criterios non avaliados de forma automática pase a exame da técnica municipal, Dña. Ana Isabel Ríos Paz, para emisión de informe de valoración das ofertas presentadas e admitidas conforme aos criterios valorables mediante xuízo de valor establecidos na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas que se rexe a contratación.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, levántase o mesmo pola sra. presidenta ás once horas e trinta e un minutos do día ao comezo sinalado, de todo o cal, eu, como secretaria da Mesa, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

